



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA SEGURIDADE VIARIA PARA CICLISTAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras (AXI) ten previsto formalizar coa Federación Galega de Ciclismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Federación Galega de Ciclismo para o desenvolvemento de actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas, con especial incidencia na mellora da súa visibilidade no seu tránsito polas estradas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos o impulso, a coordinación e a xestión da política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, e de acordo co artigo 7.1.p) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras, entre as súas funcións e competencias está o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria.





O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables, entre eles os ciclistas. E como obxectivo estratéxico 4 conseguir uns usuarios máis seguros no seu tránsito polas estradas, o que abrangue a súa sensibilización e educación en seguridade viaria.

A Federación Galega de Ciclismo, que conta cunha grande capacidade de interlocución e difusión no colectivo ciclista galego, ten coma fins a dirección, defensa e promoción do ciclismo en tódalas súas formas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre as súas funcións establécese a de colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Ciclismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do ciclismo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 24 de febreiro de 2017

